

NOTAS SOBRE A INCORPORACIÓN E PERMANENCIA NO SERVIZO ACTIVO DO NOVO PERSOAL FIXO DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ATENCIÓN PRIMARIA (FEAP).

Esta nova categoría foi creada no artigo 35 da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais médicos de familia, e se caracteriza fundamentalmente por unha maior xornada e unha prestación de servizos mixta nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada.

A propia Lei dispuxo que neste ano 2022, "coa **finalidade para diminuír o moi grave déficit de persoal médico de familia** mediante a incorporación urxente do primeiro grupo de profesionais da nova categoría", se tramitara **este proceso selectivo polo sistema de concurso** (sen a carga que supón para as persoas aspirantes preparar, realizar e superar os exercicios dunha fase de oposición).

Por tal motivo, o Decreto 38/2022, do 24 de marzo, aprobou con celeridade unha oferta de emprego público correspondente a esa categoría, cun total de 106 prazas, e impulsou unha tramitación áxil do proceso selectivo **para incrementar con urxencia os recursos de persoal médico en atención primaria**.

Como engade o decreto, a contrapartida deste acceso por concurso é que se aplique o **máximo rigor á hora de esixir a incorporación efectiva ao servizo servizo activo no posto adxudicado e a permanencia no mesmo**.

Por iso prevé que "as persoas inicialmente nomeadas, pero **non incorporadas ao servizo activo pola súa vontade, non perfeccionen o seu nomeamento** e sexan chamadas no seu lugar outras que estean realmente interesadas na ocupación activa e efectiva dos postos ofertados". Engade que "unicamente desta forma poderá garantirse que esta oferta extraordinaria de emprego produza o resultado que a xustifica".

En atención ao que antecede, o artigo 3.4 dispón que "finalizado o concurso, **a non incorporación ao servizo activo** no destino adxudicado e no prazo establecido, sen

causa xustificada, sobrevida á solicitude de participación no concurso, ou de forza maior, impedirá a perfección do nomeamento e a adquisición da condición de persoal estatutario fixo do/da aspirante, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións no proceso”.

Todas **estas normas** do proceso selectivo **son coñecidas desde a publicación do decreto (31 de marzo de 2022)** e foron reiteradas na convocatoria do proceso selectivo (*Diario Oficial de Galicia* do 27 de abril de 2022).

COMO CONSECUENCIA DO QUE ANTECEDE:

1. Non acadará a condición de persoal estatutario fixo FEAP o/a aspirante que non se incorpore ao servizo activo no destino adxudicado. En consecuencia, non poderá acceder nese intre, nesa categoría, a unha situación administrativa distinta á de activo.

2. Cando unha persoa chamada a tomar posesión esteá prestando servizos nas áreas sanitarias, nas entidades adscritas, ou en calquera outro ámbito do sector público, como persoal temporal ou fixo, deberá cesar nese vínculo, como moi tarde, o día anterior ao que pretenda realizar a súa toma de posesión.

Cando esa prestación de servizos noutro ámbito do sector público sexa como persoal fixo, a incorporación ao servizo activo como FEAP implicará a declaración da situación de excedencia por prestar servizos no sector público na categoría de orixe.

3. Ao novo persoal fixo FEAP **non se lle poderán ofertar nomeamentos temporais doutras categorías**. En consecuencia, desde a mesma incorporación ao servizo activo activo non poderá figurar en ningunha das listas de aspirantes a vinculacións temporais.

4. Tras o inicio da prestación de servizos como FEAP, todas as solicitudes que poidan afectar á situación de servizo activo (por exemplo excedencias), ou aos elementos esenciais do nomeamento (como a obrigatoria prestación de servizos nos centros de saúde e nos puntos de atención continuada) será obxecto dunha análise detallada, tendo en consideración a finalidade da Lei e os motivos de interese xeral polos que se convocou este concurso e se nomeou novo persoal fixo.